



Grupo Municipal
RIBEIRA

ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa demanda dunha **actuación integral no lugar de Toxeira de Antromatos e Barrosas de Carreira.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Carreira, concretamente nos lugares de Toxeira de Antromatos e Barrosas, preto da Capela da Guía, hai un nutrido grupo de vivendas, algunhas das cales contan con máis de 50 anos de antigüidade, que non dispoñen de auga e saneamento, a pesar de que chega moi preto das súas casas e a pesares de que o levan solicitado en infinidade de ocasións.

Esta veciñanza pensa que para este Grupo de Goberno hai xente de primeira, segunda e terceira categoría, incluíndoos a eles na última delas. Non poden crer que residindo en pleno centro da parroquia non conten cos servicios que hoxe en día se poden considerar primarios, falamos de auga, saneamento, alumeadado público e estradas.

Os accesos ás súas vivendas seguen a ser as pistas sen pavimento, moi deterioradas e que coas choivas do inverno se converten en lodozais intransitables, causando inseguranza incluso para a veciñanza que alí reside.

É tamén necesaria a dotación dalgúns puntos de luz, así como a canalización de augas pluviais que impidan o asolagamento en torno a algunhas vivendas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

Que por parte do Goberno Municipal se acometa unha actuación integral que supoña:

- A dotación de auga e saneamento nos lugares de Toxeira de Antromatos e Barrosas da parroquia de Carreira.
- A canalización de pluviais necesaria para evitar asolagamentos en torno a algunhas vivendas.
- O pavimentado de todas as pistas, así como a dotación dos puntos de luz necesarios.

Ribeira, 20 de setembro de 2007

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA